

## ACTA DA ASEMBLEA XERAL

**Data:** 27/05/2023

**Lugar:** Girona (Parc Tecnològic de la UdG, Pic de Peguera 11, Girona). Coa finalidade de promover unha maior participación de todas as persoas socias, incluíndo as que están lonxe da sede social, a Asemblea tamén se podía seguir en liña dende calquera dispositivo con conexión a Internet a través do sitio web corporativo [www.somenergia.coop](http://www.somenergia.coop), ao abeiro dos Estatutos de Som Energia, SCCL. Toda a documentación asociada á orde do día estaba xa a disposición das persoas socias e fíxoselles chegar por correo electrónico. Tamén estaba dispoñible na web corporativa [www.somenergia.coop](http://www.somenergia.coop)

**Hora de inicio:** 10:00 h en segunda convocatoria .

**Hora de finalización:** 14.00 h

**Listado de asistentes:** 466 persoas socias. Véxase a listaxe de asistencia no anexo:

### Orde do día:

1. Elección das persoas interventoras da acta
2. Benvida e conexión cos Grupos Locais
3. Memoria social e económica 2022
4. Contas anuais e aplicación do resultado 2022
5. Informe de Intervención de Contas
6. Retorno do plan de acción 2022
7. Seguimento das mocións aprobadas ata agora
8. Calendario democrático de Som Energia
9. Modificacións do Regulamento de Réxime Interno (RRI)
10. Presentación do plan de acción 2023
11. Presentación do orzamento 2023
12. Tipo de xuro anual sobre as achegas voluntarias ao capital social
13. Reapertura do Generation kWh
14. Renovación de cargos no Consello Reitor
15. Renovación de cargos na Intervención de Contas
16. Facultar ao Consello Reitor para executar e inscribir os acordos adoptados

## 1. Elección das persoas interventoras da acta

Preside esta Asemblea Xeral 2023 Ricard Jornet, que a declara inaugurada e da a benvida a toda a base societaria a esta 14ª edición.

Presenta as integrantes do Consello Reitor na mesa: Càrol Coll, Paco Jofra, Aina Barceló, Jaume Josa, Borja Barredo e el mesmo, Ricard Jornet; así como a María Jesús (Aje) Arruti, en conexión dende o grupo local de Madrid.

O Presidente informa á Asemblea que admite todas as solicitudes de representación de voto solicitadas por escrito, segundo o seguinte detalle:

Nome da persoa socia	Representante

Ricard Jornet solicita dúas persoas voluntarias como interventoras da acta da Asemblea. Escóllense ás seguintes socias: Yaiza Blanch Górriz e Silvia García Amadó.

## 2. Benvida e conexión cos Grupos Locais

Jaume Josa comeza agradecendo o esforzo aos asistentes presenciais en Girona e aos asistentes en liña, entre eles os Grupos Locais de Som Energia de Gran Canaria, Sevilla, Pamplona, Madrid, Valencia e Barcelona en conexión permanente.

Comenta brevemente algúns dos retos que ten Som Energia hoxe: conseguir máis xeración propia, frear o decrecemento do número de contratos (algo que está a ocorrer actualmente na cooperativa e que en parte procede dunha decisión conxuntural tomada no seu momento). Lembra tamén que a cooperativa da moito valor e énfase á diversidade, de xénero e de moitos outros tipos, tamén á lingüística para evitar burbullas lingüísticas e promover a diversidade nese mesmo sentido.

Comparte a súa inquietude ante a emerxencia climática, ante o cambio climático, unha preocupación que comparten moitas socias. Moitas persoas no planeta xa o están a sufrir e opina que non se pode agardar a crer no cambio climático para que se peche o Canal d'Urgell, por exemplo, un feito que non pasara nunca antes no seus 160 anos de historia. Unha cifra significativa que menciona Jaume son os 600 millóns de desprazados no mundo a causa do cambio climático, cifras que nos deberían preocupar e facernos máis solidarias con eses lugares da Terra.

Jaume Josa da a palabra a Aje Arruti, membro do Consello Reitor presente en liña dende Madrid.

Aje Arruti da paso e saúda aos grupos locais: Ferran dende o Grupo local de Barcelona, reunidas 30 persoas seguindo a Asemblea na Lleialtat Santsenca, edificio emblemático do cooperativismo en Barcelona de principios do século XX, o grupo local Energia Gara en Pamplona, unhas 15 persoas do Grupo Local de Madrid contentas de estar en Asemblea coas persoas coas que comparten obxectivos transformadores, o grupo local de Valencia reunidos para escoitar a Asemblea Xeral, 15 persoas do grupo local Os Alcores, de Sevilla, reunidos en Torreblanca, na Oficina da Comunidade Enerxética "Torreblanca Ilumina": a boa enerxía ilumínanos. Aje Arruti pecha a ronda de conexións agradecendo a presenza das compañeiras nos distintos grupos locais.

### **3. Memoria social e económica**

Segue Aje Arruti coa exposición da rendición de contas, a presentación ao estilo da economía social e solidaria, que se basea en parte no balance social da cooperativa, no que ofrece, dende o Consello Reitor, un resumo do seu desempeño e impacto social, ambiental e económico durante o ano 2022.

#### **Vida cooperativa.-**

Durante o ano 2022 sumáronse á cooperativa 8.467 persoas e entidades socias. Houbo un lixeiro descenso durante o 2022 en relación a outros anos. Un ano, 2022, con dificultades económicas, prezos altos, unha guerra e un contexto de crise que tamén se notou na vida da cooperativa e o número de socias baixou. Tivemos menos altas que outros anos e tivemos, porén, máis baixas: 2.230 socias se deron de baixa. A boa nova é que temos un crecemento neto da base societaria e, a finais de 2022, temos 83.765 persoas e entidades sociais da cooperativa.

En canto á distribución da base societaria, informa que o 68,5 % está en Catalunya e o resto, en diversas proporcións, distribuído por toda a península. Destaca que hai 2 socias en Melilla e 18 no resto do mundo, como un inicio á internacionalización de Som Energia.

Comenta diferentes fitos da cooperativa este ano 2022, entre eles, que Som Energia supera os 13 millóns de euros de achegas voluntarias.

Así, levouse a cabo un proceso de diagnóstico de participación do que xa se presentaron os resultados e, como consecuencia, vaise traballar en mellorar a participación das socias. Efectuouse tamén unha reflexión sobre o Calendario Democrático da cooperativa na que se incluíu un procedemento sobre como traballar as Mocións.

Som Energia ten un 94 % de cooperativistas particulares, pero tamén conta con empresas, asociacións, outras cooperativas, administración pública e outros grupos.

### **Comercialización.-**

Con respecto á evolución dos contratos e da enerxía comercializada en megavattios hora (MWh), este ano, como xa se dixo e se dirá, baixou o número de contratos (123.400 vs los 133.260 de 2021): o ano 2022 foi un ano complexo e ao mesmo tempo Som Energia ten algunhas limitacións en relación á competencia. En canto á enerxía comercializada, o feito de que baixe (372.879 MWh en 2022 vs 429.985 MWh en 2021), non é negativo para unha cooperativa que está aliñada co decrecemento, pero non así cos contratos. En relación a estes últimos, hai que ter en conta que Som Energia fixo unha campaña para que aqueles contratos que non tiveran unha socia vinculada se fixeran efectivamente sociais. Non todos eles se fixeron socios, o que supuxo un descenso no número de contratos.

### **Producción de enerxía renovable.-**

Este ano 2022 houbo un incremento da produción propia: pasouse do 3,3 % do ano 2018 ao 6,2 % actual, que é o desexable. Porén, considérase pouco e insuficiente e é o compromiso da cooperativa aumentar a capacidade de produción propia para gañar máis forza e poder realmente efectuar a transformación na que todas estamos aliñadas e que é a prioridade de Som Energia.

Aje Arruti tamén expón os proxectos Generation kWh actuais da cooperativa: en marcha está o que a cooperativa ten en La Serra, en Anglesola (Lleida), o de Fontivolar en Fontiveros (Ávila) e o de Alcolea del Río (Sevilla).

Con respecto ao mapa de produción, Som Energia conta con 15 plantas solares, 1 de biogás, 1 hidráulica, 2 solares que están en trámite e 1 máis en construción.

En relación ao total das achegas, dende 2010 a 2022 acumuláronse 18,5 M de euros a proxectos de enerxía renovable.

Polo que respecta ao grande fito de Som Energia co Generation kWh, proxecto innovador (posto que se trata dun modelo de achegas baseado no retorno enerxético en lugar dun retorno meramente financeiro a un investimento), agora mesmo están en marcha tres

proxectos: Alcolea del Río, Fontivisolar en Ávila e La Serra en Anglosada. Na historia da cooperativa, 4.552 socias se anotaron a esta iniciativa Generation kWh, cunha achega media de case 1.000 €/persoa e 7.440.927 kWh de autoprodución colectiva.

Os contratos de autoprodución practicamente se duplicaron no ano 2021 ao ano 2022, os kWp pico instalados tamén, así como a produción anual no 2022. Enorme impulso, sinala Aje Arruti, o que están tomando o autoconsumo e a autoprodución.

Con respecto ás compras colectivas para as instalacións de autoprodución das socias, hai moitos bos datos de instalacións xa rematadas e funcionando.

### **Entorno laboral e igualdade.-**

Fala Aje Arruti agora da evolución do equipo técnico e informa da boa nova de que, por primeira vez en Som Energia, hai máis mulleres que homes traballando, no equipo técnico, nun entorno non sempre favorable, como é o da enerxía. Este é un dato cualitativo de grande importancia nunha cooperativa que se di ecofeminista ao igual que o feito de que o ratio salarial se mantén estable ao longo do tempo en 2,5. No ano 2022 houbo un incremento de persoas contratadas do 3,4 % que acompaña o crecemento dos números. Unha cooperativa ecofeminista baseada na igualdade, entendida non só como unha igualdade de xénero, senón como o camiño cara unha xustiza social pola que traballamos todas: unha verdadeira igualdade de oportunidades. Neste sentido indica algunhas accións coas que se segue traballando pola igualdade en Som Energia: plan de igualdade de oportunidades, a formación para todo o equipo sobre xénero e feminismo, as auditorías salariais e os permisos específicos que axudan á conciliación e á igualdade.

### **Incidencia social: Céntimo ou Doazón voluntaria.-**

Con respecto á incidencia social, que é parte do impacto polo que traballa Som Energia, Aje Arruti indica as accións da cooperativa coa doazón voluntaria (é un fondo que se dota cun céntimo por cada kWh das facturas da cooperativa). Con respecto á evolución en termos de importe, dado que se facturou menos enerxía este ano, hai, polo tanto, un pouco menos de doazón voluntaria. O seu destino neste 2022 foi ás categorías xa decididas na Asemblea Xeral: sobre todo financiar o traballo dos Grupos Locais, o soporte ás comunidades enerxéticas, a procura de novos proxectos de xeración, a loita contra a pobreza enerxética (parte da nosa identidade cooperativa) e o *lobbismo*: traballar por políticas públicas que fomenten a transformación enerxética e social.

### **Incidencia social: Xerminador social.-**

No 2022 o Xerminador Social chegou á súa 6ª edición: a iniciativa de innovación social para a transición enerxética que, en forma de concurso, a cooperativa impulsa xunto coa Fundación Coop57: presentáronse 26 proxectos innovadores e 6 deles gañaron nas

diferentes categorías “Loita contra a pobreza enerxética”, “Traballo a favor da transición enerxética” e “Comunidades enerxéticas”, este último, o gran reto de Som Energia.

### **Comunidades Enerxéticas.-**

Aje Arruti anuncia a creación en breve dun sitio web que se chamará Som Comunitats: con ela a cooperativa está preparando unha plataforma aberta para a creación, xestión e participación de Comunidades Enerxéticas dende a economía social e solidaria. Nesta plataforma traballan 7 entidades: Som Energia, Coop Devs e a través de EPlural outras como Epi, Mycelium Network, Som Mobilitat, Suno y TandemGo.

### **Grupos Locais.-**

Continua Aje Arruti compartindo o retorno en canto aos Grupos Locais de Som Energia se refire, a forza da cooperativa: de 57 Grupos Locais que tiña a cooperativa a finais de 2022, 46 impulsaron compras colectivas este ano, dato este que demostra o poder dos Grupos Locais como elementos transformadores. Tamén 13 deles impulsaron comunidades enerxéticas. No ano 2022 non houbo novas incorporacións ao mapa de Grupos Locais, pero contamos con que iso reverta en breve, na medida en que veñan novos tempos para a cooperativa, para a enerxía e para o mundo.

## **4. Contas anuais e aplicación do resultado en 2022**

Ricard Jornet explica este punto, punto que se leva a votación.

### **Feitos relevantes.-**

2022 foi un ano complicado. Comenta a gráfica sobre a evolución do prezo medio da enerxía nos últimos anos. Dende o ano 2012 ao ano 2020 o prezo da enerxía sempre rondaba entre 40 e 55 euros/MWh e, despois, de forma espectacular, prodúcese un salto no ano 2021 no que o prezo medio se sitúa en 111 euros/MWh. Xa no ano 2022, cando se pensaba que se vira todo, o prezo volve dispararse e incrementase un 60 % ata os 167 euros/MWh de prezo medio da enerxía. Isto fixo moi complexo para o Equipo Técnico e o Consello Reitor prever e xestionar as tarifas: en marzo coa guerra en Ucraína houbo un pico de 700 euros/MWh e ao mesmo tempo, naquel momento había moita incerteza sobre como ían evolucionar os prezos. Ricard Jornet explica que en primeiro lugar a cooperativa vida as tarifas e despois prodúcese a compra da enerxía que se necesita: unha parte dela cómprase a futuro pero outra adquirese no mercado diario. A alta volatilidade e os cambios de prezo afectaron moito á marxe de Som Energia.

Esta situación histórica ocasionou que se produciran máis de 80 cambios legislativos relacionados co sector eléctrico en 2022, o que supuxo un esforzo moi grande para o equipo técnico a nivel de adaptar os sistemas, na comunicación e un longo etc., que se superou con moito traballo e moitas horas de dedicación. Ricard Jornet considera importante recoñecer

todo o esforzo de adaptación e desenvolvemento que se fixo e considera que a cooperativa sae reforzada.

Un dos cambios producidos foi unha nova rebaixa do tipo de IVE, pasando do 10% ao 5 %, aumentando aínda máis o diferencial do IVE, que a cooperativa avanza cada mes a Facenda, posto que Som Energia paga as súas facturas ao 21 % deste imposto.

Grazas ás medidas emprendidas a finais de 2021 (financiamento bancario e emisión de capital social con achegas ao capital voluntario de 10 M de euros que continúan no 2022 con 5 M de euros máis achegas), puidéronse aguantar con solidez as situacións de máis tensión de tesouraría xeradas por esta situación.

O Consello Reitor celebra que, despois dun ano tan complicado, a cooperativa sae máis forte grazas ao traballo do Equipo Técnico e ao soporte de socias e socios.

Ricard Jornet detalla aínda máis a evolución dos prezos da enerxía no ano 2022, prezos OMIE versus os de Som Energia: nos primeiros 9 meses de 2022, coa excepción de xullo no que ambos índices se igualan, os prezos aos que compra Som Energia son menores aos de OMIE. A continuación prodúcese un cambio de tendencia: isto débese a que o pico de marzo afectou moito aos futuros. Lembra aquí que máis ou menos Som Energia compra un 80 % a futuros e un 20 % no mercado diario (excepto o 6 % deste 20 %, que é a autoprodución). No pico de marzo, explica, ninguén de todos aqueles que vendían a futuros querían baixar prezos, de aí as tensións xeradas, porque cada vez custaba máis mercar ben de prezo. Mercando a futuro a cooperativa mercou máis caro estes dous últimos meses do ano 2022.

## **Resultado económico: Perdas e Ganancias.-**

Repasa Ricard Jornet aquí os principais indicadores.

Con respecto ás vendas, a cooperativa pasa case dos 80 M de euros de facturación de 2021 a 134 M de euros no 2022. Casualmente, véndese menos enerxía pero, como o prezo sobe moito, ao final factúrase moito máis. Na partida de compras ocorre o mesmo: o incremento da partida en 2022 vs. 2021 débese ao aumento do custo da enerxía.

Prodúcese en 2022 un incremento extraordinario na marxe de comercialización, debido sobre todo á dificultade para prever o mercado a futuro. Neste sentido, o Equipo Técnico e o Consello Reitor fixeron unhas previsións conservadoras que acabaron xerando, durante o ano 2022, eses 16 M de euros na marxe.

Con respecto aos gastos laborais, estes soben de xeito significativo principalmente debido aos novos fixaches e pola cada vez maior pericia dos equipos.

En “Outros Gastos de Actividade” hai diferentes partidas incluídas, entre elas Singulares, que tamén sobe.

E o EBITDA da cooperativa experimenta tamén un grande crecemento: pasa de 1,7 M de euros en 2021 a 10,5 M de euros en 2022.

A partida de amortizacións non é significativa en Som Energia porque os proxectos os operan as filiais.

En canto á partida correspondente ao resultado financeiro incrementábase (de 11 mil euros no 2021 a 680 mil euros no 2022) debido a que durante os anos 2021 e 2022 péchanse acordos de financiamento coa banca.

Medra tamén o Fondo de Educación, Formación e Promoción que pasa de 106 mil euros no 2021 a 646 mil euros no 2022.

O resultado da cooperativa tamén medra: 9,1 M de euros no 2022 respecto a 1,6 M de euros no 2021, dos cales quedan na cooperativa 7,3 M de euros como beneficio despois de impostos. Estes 7,3 M de euros de beneficio exceden amplamente o compromiso que Som Energia tiña neste sentido pero Ricard Jornet informa ao mesmo tempo que este excedente queda na cooperativa como reserva para poder impulsar novos proxectos ademais de que, de forma notable, tamén permitiu axustar tarifas no 2023, así como asumir agora as perdas da cooperativa nestes 4 primeiros meses do 2023. É dicir o beneficio obtido no 2022 é un bo coxín na situación destes primeiros meses do 2023.

Comenta Ricard Jornet que tamén no seo do Consello Reitor se debate sobre se hai que aumentar os beneficios da cooperativa: vimos duns anos nos que os prezos eran moi estables pero vivimos nun momento de gran volatilidade nunca vista antes, ademais de que é moito máis difícil prever os resultados, como consecuencia de todo iso, cobrou maior importancia a fortaleza económico-financieira.

### **Resultado económico: EBITDA e beneficio neto.-**

Ricard comenta que eses 10,5 M de euros de EBITDA que houbo en 2022 respecto ao 1,8 M de euros no ano 2021 son un enorme crecemento. En relación ás vendas, o EBITDA supón un 7,8 % e dado que o compromiso era situalo entre 0,5 % e 2 %, está moi por riba dese compromiso.

Este excedente cooperativo de 7.320.435 euros é, lembra Ricard Jornet, de todas as socias, reforza a cooperativa e prepara a cooperativa para o futuro, ben para permitir asumir novos proxectos ou para poder axustar as tarifas, tal e como se está a facer.

### **Resultado económico: Aplicación do excedente cooperativo 2022.-**

Os excedentes cooperativos xerados en SOM ENERGIA SCCL non se reparten, xa que somos unha entidade sen ánimo de lucro. Estes recursos xerados permanecen na cooperativa para reinvestilos na nosa propia actividade. Aínda así, a nivel contable e mercantil, faise unha distribución dentro do propio balance, que é a seguinte para 2022: de 7,3 M de euros, 2,6 M de euros a Fondo de Reserva Voluntaria, 4,6 M de euros a Fondo de Reserva Obrigatoria e 52 mil euros a Reserva de Capitalización (o máximo que permite a Lei).



## **Resultado económico: Balance Situación.-**

No ano 2022 en relación ao ano 2021 Som Energia medra en tamaño (de 54 M de euros no ano 2021 a 70 M de euros no ano 2022). Isto é unha boa nova xa que, sobre todo, o balance aumenta vía patrimonio neto: no 2022, dos 70 M de euros, 43,9 M de euros son, ou ben achegas das socias ou ben reservas de outros anos. Celebra Ricard Jornet que a cooperativa está en mans das socias e non en mans dos bancos.

Seguindo co Pasivo, hai un financiamento bancario de 9,4 M de euros mentres que o pasivo corrente de 16,4 M de euros son débedas a curto prazo, principalmente con Facenda ou provedores.

Con respecto ao Activo, o corrente pasa de 39 M de euros no 2021 a 56 M de euros no 2022. Especificamente, dos 56 M de euros, 20 M de euros están en garantías, 20 M de euros máis están en caixa e o resto, 16 M de euros, están en dereitos de clientes. Con respecto ao Activo non corrente, 13,7 M de euros no ano 2022, inclúe os empréstitos ás participadas e baixa en relación ao 2021 polas amortizacións principalmente e porque inclúe a devolución de Asomada de Fiare.

## **Estrutura grupo: participadas.-**

Som Energia ten moitas sociedades participadas. Som Renovables - que é unha sociedade de representación no mercado de plantas fotovoltaicas e de fontes renovables- todas as sociedades de xeración (fotovoltaicas, 1 sociedade de biogás e 1 máis hidráulica), ademais de todas as sociedades que ten Som Energia en desenvolvemento, todas elas de plantas fotovoltaicas.

## **Sociedades participadas: Conta de resultados das sociedades xeradoras.-**

Das plantas de xeración, pasouse, en MWh producidos, de 18.800 no 2021 a 23.100 no ano 2022, o que supón un incremento do 22 %.

En relación aos ingresos por venda de enerxía, hai pouca variación 2022 vs. 2021, por que os prezos están pechados a través de PPA internos (acordos internos). Con respecto aos gastos de explotación, pasaron de 668 mil euros no 2021 a 846 mil euros no 2022 e todo iso resulta nun EBITDA de 1 M de euros que iguala a 1 M de euros do ano anterior, 2021.

O EBITDA, unha vez restados os gastos en amortizacións, financeiros e outros, da un resultado antes de impostos de 191 mil euros en 2022, resultado inferior ao de 2021, que foi de 363 mil euros. Restando o imposto de sociedades, quedan 143.000 euros que é a achega que fan estas plantas de xeración ao grupo.

### **Sociedades participadas: Conta de resultados de sociedades en promoción.-**

Ricard Jornet avanza na presentación dos resultados económicos e pasa a explicar a conta de Perdas e Ganancias das sociedades en promoción, sociedades que aínda non están traballando. Trátase de realizar un seguimento das plantas que non están operando (futuras novas plantas) que polo tanto non contan aínda con ingresos e separar así a operativa das plantas actuais que están xerando das que están en estudo, en relación á súa achega ao grupo. Neste grupo non haberá nunca ingresos, dado que son plantas que están en promoción. Hai gastos de explotación, que son os recursos que se están investindo nelas, motivo polo cal tamén se fai necesaria unha análise separada de ambas casuísticas.

As perdas totais en 2022 destas plantas en promoción foron de 160.000 euros, máis elevadas que anos anteriores, porque dan conta precisamente de que estamos investindo máis nelas. Comenta tamén que hai 111.000 euros de perdas do proxecto Tejería eólico, que se perdeu definitivamente.

### **Sociedades participadas: Conta de resultados da actividade de representación - Som Renovables.-**

Ricard Jornet informa agora de que a actividade de representación é unha nova liña de negocio que iniciou a cooperativa en 2021 con Som Renovables. Nese ano 2021 Som Renovables xa presentou 39 plantas, 67 plantas en 2022 e, nestes momentos, maio de 2023, son unhas 150 as plantas representadas e 150 máis previstas en breve, que totalizarían unhas 300 plantas. Un punto morto do equipo está calculado na representación dunhas 500 plantas (aproximadamente) para chegar á autosuficiencia económica.

Para esta actividade tan recente, este ano 2022, o EBITDA é de -106.000 euros e hai unhas perdas netas de 100.000 euros.

### **Resultado consolidado Grupo Som Energia 2022.-**

Ricard Jornet da conta a continuación dos datos agregados do grupo no 2022: 139 M de euros de facturación e 120 M de euros de gastos de aprovisionamento que dan unha marxe de actividade de 18,5 M de euros.

Os gastos de actividade foron de case 8 M de euros, cun EBITDA de 10,6 M de euros. Restado as amortizacións por valor de 722 mil euros e o resultado financeiro por 607 mil euros, deron un beneficio de case 9,3 M de euros antes de impostos. Unha vez aplicado o imposto de sociedades, o resultado é un beneficio neto de 7,5 M de euros.

Este punto, lembra Ricard Jornet, lévase a votación: como *“Aprobación, no seu caso, das contas anuais de 2022 e aplicación do resultado”*.

## 5. Informe da Intervención de Contas

Borja Barredo explica este punto, que é meramente informativo. (Lembra á Asemblea que xa está aberto o período de votación)

Agradece aos interventores de contas, Carles Cuadern, Quim Ruiz e Xesús Salgado o seu labor, por todo o traballo feito na vertente económica sempre complexa e pola elaboración do presente informe ,que está a disposición de todas as persoas socias na páxina web da Asemblea.

Nas súas recomendacións, Intervención de Contas apunta a necesidade de incrementar a produción propia para que a cooperativa consiga tanto independizarse do mercado como a tan desexada estabilidade de prezos.

Remarcan que a tesouraría actual aínda que xustificada (debido á volatilidade do mercado), é voluminosa e que é necesario un plan de investimentos en proxectos de xeración, que xa se está levando a cabo para os próximos anos.

Apuntan tamén que as tarifas deben ser competitivas dentro do mercado da enerxía verde.

Engaden que é desexable que os contratos da cooperativa estean vinculados con persoas socias, de xeito que se aumenta o pulmón da cooperativa economicamente falando co capital social obrigatorio.

O ritmo de autoprodución actual leva a unha reflexión para definir os criterios que utilizará Som Energia no futuro para fixar os prezos de compensación de excedentes. Seguramente, engade Borja Barredo, chegarase a un escenario no que os períodos de produción fotovoltaica sexan tan importantes que impacten nos prezos, minimizándoos.

O Informe da Intervención de Contas tamén destaca a oportunidade que ofrecerá a tarifa indexada para atraer novos contratos. Borja Barredo anuncia que a tarifa indexada está en fase de probas e espérase tela operativa nuns poucos meses.

Como conclusión adicional, a Intervención de Contas anima a aprobar as contas anuais 2022 que se presentan nesta Asemblea.

## 6. Retorno do plan de acción 2022

Jaume Josa explica este punto, que é meramente informativo.

### Elementos destacados do ano 2022.-

- Campaña ¡Asóciate! Máis de 4000 novas socias durante o primeiro trimestre
- Reforzo histórico da tesouraría da cooperativa

- Principios de 2022: pausa nos contratos da luz ( que se abriu despois dunha lista de espera de medio ano)
- Subvencións CE IMPLEMENTA e Singulares (Impulso Comunidades Enerxéticas).
- Reforzos continuos dos equipos: Comercialización, Xeración, IT, CIF, Xurídico.
- Reforzo e despregue do servizo de Representación do Mercado: reunións quincenais na CNMC
- Constitución do Equipo de Pilotaxe, Compromiso, Espazo de Autoabastecemento.
- Selección da nova Coordinación Xeral.
- Plantas de La Serra, Asomada e Tiurana avanza e Asomada inaugúrase a próxima semana
- Identificación e creación de infraestrutura de datos e indicadores.
- 5 actualizacións de tarifas e adaptación normativa constante do sector: reto grandioso para o ET
- Posta en marcha do Plan de Igualdade de Oportunidades (PIO)
- Implantación do modelo de teletraballo xa iniciado durante a pandemia

### **Comercialización: finalizado.-**

- Peche e apertura de formularios de contratación
- Cambios normativos
- Modificacións de tarifas
- Unificación de titulares e pagadores
- Eliminación de contratos sen socia vinculada
- Solicitud de baixas de subministro dende a Oficina Virtual
- Pagamento de facturas atrasadas dende a Oficina Virtual
- Análise de varios sistemas de facturación
- Adaptación á volatilidade de prezos no mercado
- Adaptación aos 6 cambios normativos do mercado eléctrico que houbo en 2022

### **Comercialización: en curso.-**

- Adaptación aos novos formatos ATR (xestión entre distribuidoras e comercializadoras)
- Preparación para a xestión dos excedentes non compensados

- Preparación para ofrecer a tarifa indexada xa en proba piloto e agardamos que despois do verán entre en marcha
- Participación activa nas reunións da CNMC
- Repensar e reforzar o modelo de Atención e Apoio
- Autoconsumo compartido en rede
- Novo modelo Generation kWh
- Contención da débeda
- Posta en marcha do Servizo de Representación
- Desenvolvemento do proxecto RescoopVPP sobre flexibilidade da demanda

### **Xeración.-**

Agardábanse uns 24Gwh de produción das plantas de Som Energia neste 2022 e produciuse case un 7 % menos debido a diversos factores: houbo menos luz por un lado e diversas avarías nas plantas de biogás e hidráulica polo outro. Isto fixo que a produción finalmente quedara nuns 22,8 GWh aproximadamente. Enerxía que cubre arredor do 5 % da comercializada pola cooperativa.

A enerxía solar fotovoltaica representa o 84,6 % do mix da produción propia. O 15 % restante é o biogás ou hidráulica, informa Jaume Josa.

### **Xeración en curso.-**

- Inicio da proba piloto de instalacións de xeración urbana en modo autoconsumo compartido a través da rede.
- Obtención dos permisos e inicio da construción da planta solar fotovoltaica de La Serra (Anglesola, Lleida). Esta será a primeira planta sobre terreo que Som Energia terá en Catalunya, todo un fito. O inicio dos trámites foi en 2018 e o permiso da administración concedeuse en febreiro de 2022. A planta construíuse, pero aínda non está en produción xa que a cooperativa aínda está a agardar a conexión con Endesa.
- Obtención da subvención CE-Implementa do IDAE para o proxecto Mas Pinós (Tiurana, Lleida)
- Posta en marcha da planta solar fotovoltaica Asomada II (Cartagena, Murcia)

### **Autoprodución.-**

Aquí Jaume Josa mostra un feito importante e moi positivo para Som Energia.

O ano 2022 iníciase con case 5.000 contratos de autoprodución e péchase con case 10.000: a cooperativa case dobrou os contratos de autoprodución o ano 2022.

Detalla que como feito destacado, os excedentes de produción dos 5.000 contratos de inicios do ano 2022 de autoprodución xeraron case 0,5 GWh e, ao acabar o ano, como que case se dobraron este tipo de contratos, estas mini-plantas, en decembro de 2022 estaban producindo 1 GWh. A produción destes 10.000 contratos sumada no 2022 totaliza 20GWh. Som Energia está igualando, coa autoprodución, o que produce nas súas plantas e iso supón un respiro posto que esa enerxía que chega á cooperativa grazas a ese excedente non se ten que comprar no mercado.

### **Autoprodución: Compras Colectivas.-**

Jaume Josa comenta agora que, dos 10.000 contratos de autoconsumo que ten a cooperativa a finais de 2022, 3.000 son grazas ás compras colectivas impulsadas polos Grupos Locais de Som Energia e co seu apoio incondicional. O resto, 7.000 contratos de autoconsumo, chegaron á cooperativa a través de socias que instalaron as placas pola súa conta.

### **Comunidades Enerxéticas.-**

Ferramenta pola que a cooperativa aposta forte. Iniciouse un proxecto piloto. Púxose en marcha un sitio web ([somcomunitats.coop](http://somcomunitats.coop)) na que haberá unha serie de servizos todos relacionados con aquelas ferramentas que poidan ser útiles para as comunidades enerxéticas: xestión administrativa de altas e baixas, xestión dun ERP para xestionar a vía societaria, accións e servizos enerxéticos, unha oficina virtual, etc.

Todo isto grazas ao proxecto Singulares: a cooperativa está tendo axuda da administración para poder levar adiante estes proxectos piloto. Ferramenta que se desenvolve en intercooperación con 7 outras cooperativas e que axudará a Som Energia a facerse máis forte.

Adicionalmente, puxéronse en marcha diversas guías de soporte ás Comunidades Enerxéticas, seis en concreto, publicadas no blog de Som Energia.

### **Organización do Equipo Técnico.-**

En 2022 deuse unha reorganización do equipo técnico que iniciou o seu proceso no ano 2021 co acompañamento de K2K. No 2022 consolidouse o Equipo de Pilotaxe e puxeron as bases para a Coordinación Xeral que actualmente ocupan Marta Doncel e Vic Carreño. Houbo outros cambios que se publicaron recentemente no sitio web de Som Energia sobre a organización do Equipo Técnico e actualmente trabállase en procesos de reorganización

interna no Equipo de Comercialización e na redefinición do modelo de atención ás persoas e entidades socias, para abordar aínda mellor este piaar da cooperativa.

### **Resumo Compliance.-**

Som Energia constituíu un Comité de Ética no que está o Consello Reitor, o Equipo Xurídico da cooperativa e un equipo xurídico externo, que este 2022 aprobou 21 políticas que cobren dende o modelo de prevención penal, á gobernanza, á comunicación, á prevención de branqueo de capitais, á Comunicación, á Propiedade Intelectual, á relación cos Organismos Reguladores e un longo etc... e que continúa co seu traballo. Jaume Josa sinala tamén que existe unha formación continua de *Compliance* tanto coas persoas traballadoras do Equipo Técnico como co Consello Reitor, a Intervención de Contas e os Grupos Locais.

## **7. Seguimento das mocións aprobadas ata agora**

Toma a palabra Paco Jofra, que da conta das mocións, punto da Orde do día que se leva a votación.

### **Mocións en curso**

- Compensar e xestionar os excedentes de autoconsumo non compensados para que se poida aplicar a partir do 2023.  
Boas novas neste caso posto que o proceso de *naming* desta nova ferramenta xa está acabado: o seu nome será “Flux Solar” (“Fluxo solar”). Este proceso xerou moito traballo no Equipo Técnico, que Paco Jofra resalta ante a Asemblea e agradece. Anuncia ao mesmo tempo que en xullo farase a primeira proba piloto con algunhas socias da cooperativa.
- Normalización lingüística no funcionamento da cooperativa.  
Esta moción trata dúas vertentes: unha no Equipo Técnico analizando todo o sistema de Atención e Soporte da Cooperativa e a outra que implica ao Equipo Técnico e ao Consello Reitor no Grupo Temporal de Traballo para a elaboración de protocolos e o despregue da xestión da diversidade lingüística nos espazos de convivencia da cooperativa. A presentación híbrida (presentación oral nunha lingua, presentación escrita noutra) que se fai agora mesmo á Asemblea Xeral é parte do resultado deste Grupo Temporal de Traballo.

### **Mocións pendentes de iniciar.-**

- Estudar a posibilidade de ofrecer unha tarifa social para as persoas con certos requisitos ou dificultades económicas.

O Equipo Técnico e o Consello Reitor recoñeceron esta moción como obxectivo para o plan anual de 2023.

- Estudar o impacto da centralización do equipo técnico de Som Energia. Paco Jofra expón que é un compromiso a resolver para a Asemblea Xeral de 2024. Anuncia que xa se está traballando niso e que algúns equipos xa incorporaron prazas que poderían ser virtuais e descentralizadas (Laboral e Comunidades enerxéticas).
- Contribuír á promoción de instalacións de autoprodución a través do *lobby* fiscal. Compromiso de resolvelo para a Asemblea Xeral de 2024. Paco Jofra lembra tamén que en relación ás accións de *lobby* político, o Equipo Técnico está indo á CNMC quincenalmente. Adicionalmente a cooperativa participa de outras alianzas como a Alianza para o autoconsumo para ir incidindo pouco a pouco e que o autoconsumo chegue a ser unha realidade.
- Pendente de iniciar dende 2019 está a moción sobre a aerotermia para valorar se é unha enerxía verde, renovable ou non, que tamén se recolle como compromiso para resolver para a Asemblea Xeral de 2024.
- E por último, a Moción que propón a Reserva de 1/3 do Fondo de Educación e Promoción da cooperativa para apoiar iniciativas locais de transición, que tamén se recolle como compromiso para traballar para a Asemblea Xeral 2024.

### **Mocións finalizadas.-**

- Priorizar a autoprodución compartida en rede exterior, achegando máis tempo, persoas e recursos para o seu desenvolvemento a curto e medio prazo e aproveitar as oportunidades que se presenten. O Equipo Técnico xa o incluíu na estratexia de xeración (modelo ACCX) e no Plan Anual 2023, tamén coa xeración urbana (GURB) con sendas probas piloto en Mataró e Girona.
- Paco Jofra detalla catro mocións que se deron por pechadas, ben porque se deu resposta dende fóra da cooperativa ou porque non remataron de encaixar: 1) Estudar e avaliar a fotovoltaica flotante xunto ás cooperativas europeas, 2) Inclusión da xestión de presas nos obxectivos de recursos renovables, 3) Activismo (real) de Som Energia para loitar contra as renovacións das concesións hidroeléctricas do oligopolio e 4) Desenvolvemento do marco comercial e financeiro para os acordos de compravenda de electricidade entre Som Energia e un produtor independente (Power Purchase Agreement).
- Outras mocións pechadas máis antigas, de 2019, son a participación da comunidade local no financiamento de proxectos de xeración (que se explicará máis adiante no punto do Generation kWh), axuda ás persoas socias afectadas para catástrofes naturais (que xurdiu con motivo da erupción do volcán da palma e pola cal se creou todo un



protocolo), a aplicación do balance da economía do ben común (cousa que xa se fai como cooperativa a través das ferramentas de balance social) e o abandono da enerxía de maltrato animal (biogás), que xa quedou resolta nunha decisión tomada na Asemblea de 2021.

- Por último, tamén explica que este ano se puido utilizar o mecanismo Participa para vehicular as Mocións, aínda que persiste o mecanismo en si de acordo coa Lei de Cooperativas, que o prevé coa presentación da Moción xunto con 500 apoios de socias.
- Neste sentido, o Consello Reitor priorizou unha proposta chegada dende diferentes socias organizadas para estudar unha posible cátedra de Som Enerxía na Universidade, proposta na que se está comezando a traballar.

## 8. Calendario democrático de Som Enerxía

Segue coa palabra Paco Jofra, que explica a proposta de novo calendario democrático da cooperativa, este punto levarase a votación.

Indica que do proceso de diagnóstico da participación e reflexión interna efectuado na cooperativa xurdiron as seguintes necesidades:

- 1) reforzar o diálogo permanente diversificando os xeitos de participar
- 2) fomentar espazos para temas de interese e colectivos específicos, como poden ser para grupos non mixtos ou temas moi concretos
- 3) diferenciar a participación na cooperativa en 3 ámbitos: estratéxico, organizativo e operativo
- 4) descentralizar máis a cooperativa para que os grupos locais poidan tomar máis decisións organizativas e operativas
- 5) mellorar o proceso de elaboración das mocións para que cheguen á Asemblea máis enriquecidas e concretadas e se poidan incorporar mellor á actuación da cooperativa
- 6) dar máis tempo á participación para que sexa máis cualificada e profunda
- 7) axustar o calendario de participación á planificación anual da cooperativa.

Destas necesidades, xorden cinco vías de acción ou actuación.

### **As principais características da proposta do novo calendario democrático son:**

1. A diversificación dos xeitos de participar: seguir reforzando o diálogo permanente con conversas cos Grupos Locais, encontros e talleres temáticos, encontros de colectivos específicos así como reforzar o Plan de Comunicación de Som Enerxía.

2. Gran conversa: proceso de deliberación entre socias/Equipo Técnico/Consello Reitor bienal, alternando ano a ano coa Escola Formativa de Som Enerxía, que ata ese momento era de periodicidade anual.
3. A reformulación do plan formativo: reforzar a Aula Popular alén de seguir traballando coa Escola de Som Enerxía
4. O reforzo do Participa: mellorar a súa usabilidade e gañar en trazabilidade co obxectivo de participar máis axilmente, como socias, da cooperativa
5. A mellora do proceso das mocións, abrindo espazos deliberativos para que cheguen á Asemblea Xeral máis concretadas e enriquecidas, dilatar o tempo de participación e integrar o seu proceso cos procesos do Consello Reitor e o Equipo Técnico.

### **Proposta para o novo ciclo das mocións:**

As Mocións son a ferramenta que teñen as socias para facer chegar as súas propostas á Asemblea Xeral da cooperativa. O novo ciclo articularíase como segue:

Durante o ano e ata xaneiro do ano 1: as persoas socias poden facer chegar propostas estratéxicas mediante as canles que se establezan.

En febreiro (do ano 1): o Equipo de Pilotaxe e o Consello Reitor, acompañados do Equipo de Transformación Enerxética e Comunidade, selecciona de 1 a 3 desas propostas para traballalas xa con base societaria.

De marzo a outubro (do ano 1): créase un Grupo Temporal de Traballo -que pode agrupar aquelas socias que o desexen, axentes externos, etc. ademais do Equipo de Transformación Enerxética e Comunidade da cooperativa, que estuda e traballa esa moción a fondo.

No mes de novembro do ano 1: diálogo entre o Grupo Temporal de Traballo desa Moción co Consello Reitor e co Equipo Técnico da cooperativa, co fin de garantir que encaixe.

En xaneiro-febreiro (do ano 2), cada Grupo Temporal de Traballo elabora as Mocións que finalmente presentará na Asemblea ou ben unha síntese e a súa conclusión para concluír o traballado.

En maio (do ano 2), as mocións presentadas polos Grupos de Traballo Temporal explícanse e votan en Asemblea e, se son aprobadas, o mesmo GTT vela polo seu despregue efectivo.

Finaliza Paco Jofra informando que o punto a votar é: *“Aprobación, se é o caso, da nova proposta de calendario democrático”*

## **9. Modificacións do Regulamento de Réxime Interno**

Aina Barceló explica este punto, que se leva a votación.

O Regulamento de Réxime Interno regula o funcionamento dos diferentes espazos de gobernanza da cooperativa.

As modificacións que se presentan son para adecualo aos cambios da cooperativa e recoller o seu funcionamento actual.

1. O primeiro cambio que se propón é en relación á mesma Xestión do Regulamento de Réxime Interno e efectúase para incorporar o acordo tomado na Asemblea Xeral do ano pasado 2022, na que se aprobou que a modificación do Regulamento de Réxime Interno é por maioría simple en lugar da maioría cualificada que era necesaria ata entón (excepto naqueles aspectos que a Lei Catalá de Cooperativas prevea o contrario)

O punto a votar é exactamente *“Aprobación, no seu caso, das modificacións do Regulamento de Réxime Interno referentes ao punto”1. Xestión do RRI“*

2. A seguinte modificación do Regulamento de Réxime Interno que se leva a votación hoxe ten que ver coas Mocións e os Grupos Temporais de Traballo.

- 2.1. Con respecto ás Mocións (epígrafe do capítulo “Asemblea”), o redactado quedaría obsoleto e propónse a súa eliminación, ao estar estas agora incluídas e ampliadas na proposta do novo Calendario Democrático da cooperativa.

- 2.2. Con respecto ao epígrafe sobre os Grupos Temporais de Traballo, propónse igualmente a súa eliminación, posto que, como no caso das Mocións, os Grupos Temporais de Traballo estarían incluídos na proposta do novo Calendario Democrático de Som Enerxía

Así, o punto a votar é *“Aprobación, no seu caso, das modificacións do Regulamento de Réxime Interno referentes aos puntos “2. Asemblea” e “6 Grupos Temporais de Traballo”*

3. A última das modificacións a votación hoxe sobre o Regulamento de Réxime Interno refírese á adecuación do apartado da organización interna da cooperativa. O texto orixinal fala dun equipo de xerencia, non vixente hoxe e a proposta introduce o Equipo de Pilotaxe da cooperativa, que é un equipo formado por 1) as persoas de cada equipo autosexionado elixidas democraticamente e de xeito rotativo de acordo cos criterios de transparencia, ecuanimidade, respecto e asertividade e 2) dúas persoas designadas polo Consello Reitor para exercer a coordinación xeral da cooperativa de acordo coa Política de Gobernanza. A súa misión principal é velar pola existencia dunha visión e estratexia clara na entidade, así como pola cohesión do Equipo Técnico. A organización e o funcionamento do Equipo de Pilotaxe recóllese na política de documentación de reunións e acordos.

O punto a votación agora é: *“Aprobación, no seu caso, das modificacións do Regulamento de Réxime Interno referentes ao punto”4. Equipo de Pilotaxe“.*

## 10. Presentación do plan de acción 2023

Aina Barceló presenta este punto, de carácter informativo.

O Plan de Acción de 2023 ten un marco de actuación de 4 eixes:

- 1. Promover o desenvolvemento dun Equipo Técnico eficiente e con benestar**
- 2. Aumentar o número de persoas que participan na transformación enerxética**
- 3. Gañar máis autonomía dentro do mercado eléctrico**
- 4. Mellorar os servizos actuais e ampliar a oferta**

**1. Promover o desenvolvemento dun Equipo Técnico eficiente e con benestar:**

- Mellora continua de ferramentas e procesos internos para superar a xestión manual
- Despregue do Plan Formativo
- Implantación do modelo de teletraballo
- Adopción da xornada de 35 horas
- Desenvolvemento do Plan de Igualdade de Oportunidades
- Enquisa trimestral de satisfacción laboral
- Seguimento individual e dos equipos: Entorno laboral e Coordinación xeral

Coa mellora e o despregue de:

- Nova Coordinación Xeral
- Equipo de Pilotaxe
- Equipo de Compromiso
- Reforzo continuado do equipo de IT
- Grupos Temporais de Traballo
- Cultura de atención periódica dos indicadores económicos e sociais do proxecto
- Cultura da autoxestión

**2. Aumentar o número de persoas que participan na transformación enerxética:**

Impulso de Comunidades Enerxéticas (Proxecto Singulares, subvención en Catalunya)

- Desenvolver, poñer en marcha e xestionar a plataforma Som Comunitats de impulso e soporte ás Comunidades Enerxéticas.
- Atender os requirimentos das iniciativas pioneiras de Comunidades Enerxéticas e identificar novos servizos a desenvolver que respondan a estas necesidades.
- Elaborar acordos estratéxicos para posicionar as Comunidades Enerxéticas como instrumento decisivo para a transformación do modelo enerxético e social.
- Impulsar a creación dunha rede de Comunidades Enerxéticas en Catalunya
- Comezar a forxar alianzas para replicar o modelo fóra de Catalunya.

### **3. Máis autonomía dentro do mercado eléctrico:**

Estratexia de xeración propia.-

- Xeración urbana: despregue das primeiras instalacións de autoconsumo compartido promovidas por Som Energia para avaliar a escalabilidade do proxecto e definir o modelo. Proba piloto en Mataró.
- Incrementar canto antes a xeración propia: promover activamente proxectos de plantas solares fotovoltaicas, aproveitando todas as canles e as modalidades de promoción por todo o territorio español.
- Ter xeración fóra das horas de produción solar (incrementar o mix enerxético):
  - Impulsar a produción de proxectos eólicos propios a longo prazo.
  - Estudar a viabilidade de hibridación de plantas existentes.
- Estudar a posibilidade de desenvolver plantas agrovoltaicas para compatibilizar o uso agrícola e enerxético do territorio.

Tarifa Indexada.-

(Tarifa variable hora a hora en función do custo de adquisición no mercado por xunto eléctrico, polo tanto, 24 prezos ao día, día a día, ata agora só dispoñible para contratos de gran consumo).-

En 2023:

- Avaliación da proba piloto con contratos domésticos
- Implantación e consolidación da Tarifa Indexada
- Desenvolvemento de outras modalidades de tarifa, indexando o prezo de produción das nosas plantas ou das plantas onde facemos PPA (Power Purchase Agreement)

A importancia da tarifa indexada é debida a que a persoa socia poderá adecuar o seu consumo á hora do día en que teña un meirande potencial de aforro.

Servizo de representación.-

- Impulsar a representación: actividade que xestiona a venda da enerxía dunha instalación renovable no mercado eléctrico
- Chegar a máis produtoras ofrecendo servizos de valor engadido (asesoramento en tramitación e operación, etc.). Pasáronse de 67 representadas no 2022 a 164 en abril de 2023.

- Desenvolver ferramentas necesarias para ofrecer un servizo escalable

Fomentar a autoprodución.-

- Continuar fomentando as compras colectivas: 65 en marcha actualmente
- Continuar actualizando a guía de autoconsumo en bloques de pisos, en relación coas comunidades de veciños
- Fomentar o autoconsumo colectivo: o ritmo actual é de 500 contratos novos/mes de autoprodución
- Ofrecer novas formacións para socias

#### **4. Mellorar os servizos actuais e ampliar a oferta**

- [operativo] Pago TPV vía Oficina Virtual
- [operativo] Baixas de subministro vía Oficina Virtual, proceso automatizado
- [en curso] Despregue da Tarifa Indexada para contratos domésticos
- [en curso] Despregue de novas formas de xestionar o excedente de autoconsumo
- [en curso] Xeración kWh (proxectos de La Serra y Tiurana)
- [en curso] Proba piloto Autoconsumo Compartido en Rede
- [en curso] Flexibilidade da demanda (proxecto RescoopVPP). VPP: virtual Power Plant. Proxecto de innovación que investiga a capacidade de trasladar os consumos ás horas de maior xeración ou menor custo económico.

Outros obxectivos priorizados.-

- Implantación dos cambios normativos impulsados pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC)
- Definición e implantación dunha estratexia de lobby no sector
- Definición e implantación da estratexia de crecemento
- Despregue do Plan de comunicación
- mellora do servizo de atención ás socias
- mellorar os sistemas de control e xestión da enerxía
- Inicio elaboración Informe de Estados Non financeiros
- Estudo da figura de socia traballo e socia colaboradora

## 11. Presentación do orzamento 2023

Borja Barredo presenta este punto, que se leva a votación.

Informa á Asemblea que Equipo Técnico e Consello Reitor elaboraron este orzamento a finais de 2022 de acordo cos prezos vixentes en aquel momento. A ter en conta que xa en abril 2023 a cooperativa actualizou tarifas á baixa.

Trátase dun orzamento prudente de acordo coa perda de contratos que xa se mencionaron anteriormente, o obxectivo do cal era recoller o mandato dun EBITDA entre o 0,5 % e 2,5 % co que se expuxo o obxectivo dun EBITDA 0,99 (1,00 %) Un orzamento 2023 moi cauteloso, explica, en relación cos resultados avultados en 2022: a marxe de comercialización decrece un 44 %, de 16 M de euros en 2022 a 8 M de euros que se orzamentaron en 2023.

Os gastos salariais ascenden significativamente debido á actualización do IPC ademais do reforzo de case todos os equipos de traballo.

Aumenta tamén en 2023 a partida de provisións en previsión de posibles impagamentos ou similares.

Remarca Borja Barredo que dende o Equipo Técnico faise un seguimento constante, que vivía de preto o prezo da enerxía. A cooperativa conta cun equipo de aprovisionamento formado por 6 persoas con dedicación case exclusiva para calcular o volume de enerxía necesario e os seus custos, co fin de conseguir a marxe desexada. O mercado, porén, é moi complexo e tamén moi volátil, de forma que, tendo en conta o volume que xestiona a cooperativa, é moi fácil que se produzan desviacións.

O punto a votar aquí é: *"Aprobación, no seu caso, do orzamento 2023"*

## 12. Tipo de xuro anual sobre as achegas voluntarias ao capital social

Paco Jofra presenta este punto, que se leva a votación.

Como cada ano, lévase a votación o tipo de xuro anual ás achegas voluntarias que as socias fan á cooperativa, achegas que a cooperativa dirixe para financiar proxectos da cooperativa, de xeración por exemplo, pero tamén para xerar maior liquidez nestes dous últimos anos difíciles e de alta volatilidade de prezos.

Traballouse e debateuse amplamente entre o Equipo Técnico e o Consello Reitor, revisouse a actuación de outra cooperativa irmás nese sentido, tívose en conta tamén o diagnóstico de participación, así como o gran incremento que se produciu no Euribor. Tendo en conta que a cooperativa está ofrecendo só un 1 % neste contexto, a proposta á Asemblea para este ano 2023 é aumentar ao 2 %. Paco Jofra destaca que non se ve como un produto financeiro pero

tampouco se quere perder achegas das socias ao capital social da cooperativa, de aí a proposta do 2 % do tipo de xuro para o período de 01/07/23 a 30/06/24.

Punto a votar: *“Aprobación, no seu caso, do tipo de xuro anual nas achegas voluntarias ao capital social do 2 %”*

### **13. Reapertura do Generation kWh**

Aina Barceló explica este punto, que tamén se leva a votación.

Como contraposición ás grandes macro plantas e 200 MWp, en Som Energia seguimos apostando por proxectos pequenos distribuídos no territorio, coa participación das persoas socias.

En breve reabrírase o Generation kWh por valor de 3 M de euros, para destinalos a 2 plantas.

- PSF La Serra - Anglesola (Lleida): Planta fotovoltaica de 2,8 MWp sobre o terreo, para o seu financiamento en parte
- PSF Mas Pinós - Tiurana (Lleida): Planta fotovoltaica de 3,5 MWp sobre o terreo, para o seu total financiamento.

Que se sumarían ás outras dúas que xa están producindo no marco do Generation kWh en Alcolea, en Sevilla e en Fontiveros, en Ávila.

Generation kWh, nesta ocasión, se reabriría en varias fases e con prioridade ás persoas que viven no territorio, do seguinte xeito:

Fase I: local, para os municipios de Anglesola e Tiurana exclusivamente, cunha duración de 15 días.

Fase II: comarcal 15 Km arredor das plantas

Fase III: ampliarase á provincia para Lleida

Fase IV: a última, abrírase a todas as persoas socias

A planta de La Serra en Anglesola, ten unha potencia nominal de 2,8 MWp. Este proxecto iniciouse en 2018 cun investimento previsto de 1.700.000 euros. Hoxe, o investimento realizado necesario é de 2.050.000 euros. A cooperativa abre o Generation kWh para esa diferenza: 350.000 euros. A planta de La Serra está xa construída e en fase de conexión á rede.

Tiurana: O proxecto obtivo unha subvención do programa CE-Implementa. Terá un investimento de 2.650.000 euros e unha produción anual de 5,5 GWh

Coa produción de ambas plantas agregadas poderíanse abastecer unhas 4000 familias.



O Equipo Técnico aproveita a reapertura do Generation kWh para adaptar melloras na Oficina Virtual de Som Enerxía, como:

- Poder asignar prioridades aos contratos
- Ter información sobre a enerxía Generation kWh asignada a cada participante dos últimos 12 meses
- Podes ver o uso que se fixo destes kWh
- Consultar cantos kWh acumulados hai pendentes de asignar
- Dispoñer de información fiscal
- Ver o aforro económico do ano anterior da tarifa Generation kWh, en relación ao prezo estándar.

Polo tanto, a pregunta a votar neste punto é: *“Estás a favor da reapertura do Generation kWh con prioridade á participación local (fase local, fase comarcal, fase provincial e por último, estatal) e da incorporación dos proxectos LA SERRA (Anglesola) e MAS PINÓS (Tiurana) á carteira de proxectos Generation kWh?”*

## 14. Renovación de cargos no Consello Reitor

De acordo co artigo 46 dos Estatutos, que establece renovación dos membros do Consello por cuartas partes, cada ano, cunha duración do mandato por un período de 4 anos, finalizarían este ano o seu mandato os membros do Consello Reitor nomeados na Asemblea Xeral Ordinaria do 25/05/2019.

Porén, estes dous conselleiros, así como os seus correspondentes substitutos, presentaron a súa renuncia previa por causas xustificadas nas datas indicadas a continuación.

- con data 1/05/2021 renunciou o conselleiro Mario Andrés López, que foi substituído polo conselleiro Albert Clusellas Vilaseca, con NIF [...], que á súa vez renunciou con data 19/11/2022,
- con data 21/06/2022 renunciou a conselleira Sara Gutiérrez Alonso, con NIF [...], que foi substituída como conselleira por Montserrat Sagarra Fitó, con NIF [...] que á súa vez renunciou con data 06/10/2022.

En consecuencia, de acordo co artigo 46 dos Estatutos, que establece renovación dos membros do Consello por cuartas partes, cada ano, cunha duración do mandato por un período de 4 anos, corresponde a este ano escoller a dous (2) membros do Consello Reitor.

Que, tras efectuar a pertinente votación secreta polas persoas socias presentes e representadas, as persoas candidatas máis votadas e, por tanto, escollidas como membros do Consello Reitor, por un período de 4 anos, son as seguintes:

- Mariela Frankon Peses, maior de idade, con NIF [.....], data de nacemento [.....] e domicilio en [.....]. Designada membro do Consello Reitor pola Asemblea Xeral dende o 27 de maio de 2023 ata o 27 de maio de 2027.

- Sílvia Garcia Amadó, maior de idade, con NIF [.....], data de nacemento [.....] e domicilio en [.....]. Designada membro do Consello Reitor pola Asemblea Xeral dende o 27 de maio de 2023 ata

o 27 de maio de 2027.

Presentes no acto as persoas elixidas, aceptaron o cargo, manifestando non estar afectadas por ningunha causa legal nin estatutaria de incompatibilidade.

## 15. Renovación de cargos na Intervención de Contas

Este ano concluíu o prazo polo que foron escollidos como interventores de contas Carles Cuadern Codina, con NIF [.....] e Joaquim Ruiz Querol, con NIF [.....], finalizando polo tanto o seu mandato.

Tras realizar a oportuna votación secreta, de conformidade co art. 52 dos Estatutos, son escollidos e nomeados como novos interventores de contas Mírvia Aranda Marín, con NIF [.....] e Sofia Kukulka Luque con NIE [.....], quen exercerán o cargo por un período de tres anos.

Presentes no acto as persoas elixidas, aceptaron o cargo, manifestando non estar afectadas por ningunha causa legal nin estatutaria de incompatibilidade.

A Intervención de Contas da cooperativa queda integrada por tanto por:

- Jesús Salgado Criado (nomeado pola Asemblea Xeral de 29/05/2021), con NIF [.....], data de nacemento [.....] maior de idade e domicilio en [.....].
- Mírvia Aranda Marín (nomeada pola Asemblea Xeral de 27/05/2023), con NIF [.....], data de nacemento [.....], maior de idade e domicilio en [.....].
- Sofia Kukulka Luque (nomeada pola Asemblea Xeral de 27/05/2023), con NIE [.....], data de nacemento [.....], maior de idade, estado civil e domicilio en [.....].

## 16. Facultar ao Consello Reitor para executar e inscribir os acordos adoptados

Con 376 votos a favor, acórdase autorizar, tan amplamente como en Dereito sexa necesario, a todos e cada un dos membros do Consello Reitor da Cooperativa para que calquera deles indistintamente, ou ben de forma conxunta, poidan certificar total ou parcialmente os presentes acordos, comparecendo ante notario a elevalos a público, no seu caso, e outorgar as escrituras adecuadas, incluso de aclaración, de ratificación e de emenda necesarios, ata conseguir a súa inscrición nos Rexistros oportunos e incluso realizar as modificacións estatutarias formais e legais que resulten dunha cualificación rexistral e que sexan necesarias para a indicada inscrición.

## 17. Respostas ás dúbidas formuladas pola base societaria

### Bloque de economía.-

**Ricard Jornet** responde unha das consultas das socias e explica que a aplicación do resultado económico a reservas ten que ser votado e aprobado. Non se leva a votación a distribución posto que, ao ser cooperativa sen ánimo de lucro, as opcións de distribución do resultado quedan limitadas legalmente a Reservas Obrigatorias e Reservas Voluntarias. Con respecto á posibilidade de derivar unha parte das reservas á redución de prezos ás socias, comenta que efectivamente, este 2023 axustáronse as tarifas á baixa de xeito que nos 4 primeiros meses de 2023 a cooperativa tivo perdas por valor de 1,2 M de euros. Esas perdas pódense asumir grazas a esas reservas dotadas en 2022.

Contesta tamén **Ricard Jornet** unha demanda dunha socia que solicita que en lugar de EBITDA, se fale de Resultado antes de impostos, amortizacións e xuros, para facilitar a comprensión do apartado económico a todas as socias. Recóllese a proposta e terase en conta nas presentacións, Asembleas futuras e outra documentación da cooperativa utilizando unha linguaxe máis comprensiva para todas e todos.

### Bloque societario.-

Pregunta unha socia sobre os Grupos Temporais de Traballo (GTT) que se mencionan na proposta do novo Calendario Democrático, sobre a súa constitución, as persoas que formarían parte e como sería a súa organización. **Paco Jofra** responde que os GTT estarán formados polo Consello Reitor, Equipo Técnico e persoas socias. De entre as socias, por unha parte as que impulsaron a iniciativa pola cal se acaba constituíndo o GTT e por outra, efectuarase un sorteo aleatorio co fin de asegurar a presenza diversa da base societaria.

Opina unha socia que o Calendario Democrático é un documento moi importante da cooperativa e que con esta nova proposta deixa de estar incluído no Regulamento de Réxime Interno (RRI). Consulta se o Calendario Democrático debería referenciarse en outros

documentos oficiais de Som Energia: Estatutos, RRI, etc. **Borja Barredo** responde que nas modificacións do RRI desta Asemblea non pode constar o novo Calendario Democrático porque antes ten que ser aprobado na Asemblea de hoxe. Se finalmente se aprobara, transformárase nunha guía de participación que se difundirá e se publicará no sitio web de Som Energia xunto cos Estatutos, RRI, Actas das Asembleas, etc. Así, tamén se incorporaría ao RRI para a Asemblea Xeral do próximo ano.

Un Grupo Local traslada á Asemblea a súa frustración debido ás tarifas non competitivas da cooperativa, a perda de socias e a lentitude da cooperativa en aspectos como a tarifa indexada, as Comunidades Enerxéticas e os excedentes dos grupos de autoprodución. Paco Jofra recolle a preocupación do Grupo Local e ao mesmo tempo fai énfase no valor engadido do proxecto Som Energia, o feito de que a cooperativa non é unha comercializadora ao uso, un modelo disruptivo versus oligopolio que incorpora a descentralización, a participación, que está en mans da cidadanía, co foco posto na enerxía da natureza renovable. Som Energia vai pouco a pouco, vai lonxe, custa ser rápido, trabállase tamén niso. Insiste, unha vez máis, que este 1 % de EBITDA orzamentado en 2023 é precisamente para asumir esas tarifas algo inferiores e evitar ao mesmo tempo a perda de socias que tantos esforzos custa a Grupos Locais e a toda a cooperativa. Tamén volve a explicar o obxectivo que ten posto a cooperativa e incorporar máis e máis proxectos de xeración que independizarán a cooperativa de acudir ao mercado de futuros e ao mercado diario de enerxía para aprovisionarse.

### **Bloque de accións do Equipo Técnico.-**

Outra socia non entende o motivo polo cal se inclúe a planta de La Serra en Anglesola na reapertura do Generation kWh, se xa foi financiada polo Generation kWh no seu momento. Pregunta en caso de que se refincie La Serra. **Aina Barceló** responde que o custo previsto da planta de La Serra inicialmente en 2018 era de 1,7 M euros, importe que xa se financiou e a reapertura actual é para financiar o custo final do proxecto (350.000 euros adicionais) necesarios para rematar a planta.

Recíbese outra pregunta sobre o proxecto de El Planot en Vila-Rodona (Tarragona). A socia non entende que se formule desde Som Energia unha instalación en terreos agrícolas e cun territorio saturado de proxectos de plantas fotovoltaicas, aeroxeneración e MAT e agarda a reformulación do proxecto. Responde **Aina Barceló** informando de que se recolle a súa proposta agradecendo as alegacións recibidas. Indica tamén que o debate require unha atención profunda e que hai unha cuestión de fondo en dúas vertentes: en relación a facer solares sobre un terreo por un lado e a deixar de actuar en zonas masificadas por outro. Neste sentido, reitera o ofrecemento de atopar un espazo de escoita común para tratar a cuestión.

Pregunta unha socia si se consultou cos territorios a propósito das plantas en chan e pregunta sobre o GTT sobre agrofotovoltaica. **Jaume Josa** informa que desde Som Energia, cando se fan proxectos de produción en chan, ponse especial atención en escoitar á xente do territorio, coidar a integración do entorno e ter en conta os usos existentes da terra.

Sempre se manteñen conversas e se buscan consensos coa propiedade dos terreos, as entidades locais, o concello e o Grupo Local no seu caso. En relación á agrofotovoltaica, Som Energia non ten ningún Grupo Temporal de Traballo (GTT) en marcha. Participouse en seminarios, tense contacto con desenvolvedores desta tecnoloxía e estase a estudar algún proxecto e tamén algunha intervención nas plantas en funcionamento para mellorar a súa rendibilidade.

**Jaume Josa** tamén responde á pregunta sobre o motivo polo que non se considera renovable a enerxía xeotérmica. Indica que a enerxía xeotérmica é un intercambio de calor entre o chan e a casa: en verán transfírese calor dende a casa cara o subsolo e en inverno transfírese calor do subsolo á casa. Todo isto alimentado por unha bomba de calor que á súa vez está alimentada con esa electricidade. Así, se esa electricidade é de orixe renovable (como no caso de Som Energia) poderase considerar esa enerxía xeotérmica como renovable. Porén, se esa electricidade procede doutras fontes que non son renovables, non se podería considerar esa xeotermia, estea onde estea, renovable.

**Càrol Coll** responde ás preguntas sobre os excedentes non compensados e ofrece detalles deste servizo, o Flux Solar.

Sobre o prazo de implantación.-

Están preparadas xa as condicións particulares sobre os excedentes non compensados, é dicir, a parte xurídica. Todo o aspecto técnico está en fase de teste. A idea é que a principios de xullo se leve a cabo unha proba piloto cuns contratos preseleccionados (para contar coa máxima diversidade posible) e verificar que todo funcione correctamente. Hai que ter en conta que hai 10.000 contratos na cooperativa en autoprodución e hai que garantir o correcto funcionamento co fin de evitar erros que afectarían a moitas socias, é por iso que se ten cautela para a súa implantación. De forma máis xeneralizada, a implantación sería cara o outono deste mesmo ano, en función das dificultades que vaian xurdindo na proba piloto e de se estas comportarán novas adaptacións.

Indica que cando aplique o Flux Solar a unha persoa socia, requirirá modificar o seu contrato coa incorporación de novas condicións particulares, que non afectarán ao prezo do consumo, senón que se aplicarán só a Flux Solar. Haberá que facer unha acción específica de aceptación desas condicións a través da Oficina Virtual e informarse, nese sentido, a todas as socias incluídas da necesidade de facer esa acción.

En relación ás porcentaxes e tendo en conta que na proba piloto poderían aparecer cuestións non previstas, en principio a idea é que o 80 % dos excedentes non compensados se transformen en "Soles", é dicir, en dereitos de desconto. O resto, o 20 %, que non será dereito de desconto, destinarase a outras accións de transición enerxética, así como ao mantemento da estrutura da cooperativa, ao servizo de comercialización e ao de Flux Solar. Por tanto, falamos do reparto nunha proporción de 80/20.

Con respecto ao prezo de compensación de excedentes: os excedentes que se están xerando dende xaneiro de 2022 estanse acumulando, non se están perdendo e cando se

aplique o dereito de desconto, este xa terá en conta os excedentes xerados dende o 1 de xaneiro de 2022. O prezo que se lle aplicará será o prezo de compensación de excedentes que haxa en cada momento. Así, para as persoas socias que teñan no seu momento a tarifa indexada, o Flux Solar tamén terá en conta os prezos de tarifa indexada.

Con respecto á posibilidade de compartir con outros contratos, no momento en que se implante o Flux Solar será para o mesmo CUPs no que se fai a autoprodución. Nun segundo momento, quérese que eses dereitos de desconto tamén se poidan aplicar a outros contratos da mesma titularidade, pero aínda non se sabe cando (dependerá dos resultados do testeo informático). Para outros contratos de diferente titularidade, iso será xa máis complexo, por temas fiscais.

En relación á consulta sobre se no hipotético caso de que o prezo da enerxía nas horas centrais do día fora negativo (habería que pagar por inxectala na rede) trasladaríase esa penalización aos socios con tarifa indexada e autoconsumo con excedentes, **Carolina Coll** responde que a cooperativa ofrece unha Tarifa Fixa (a dos 3 períodos) e unha Tarifa Indexada dispoñible en breve. O prezo dos excedentes dependerá de que tarifa teñamos. A Tarifa Indexada traslada o risco á persoa usuaria e, polo tanto, no caso formulado, se o prezo da enerxía é negativo, coa tarifa indexada tamén pasaría a ser negativo para a socia neste caso. A cooperativa non se atopou nunca nesa situación, que xa se deu noutros países, pero non no estado español e habería que ver como proceder. A persoa socia, en todo caso, sempre terá a opción de pasar á tarifa fixa, coa que é a cooperativa quen asume o risco.

Con respecto ao autoconsumo compartido en bloques de pisos, unha socia pregunta como fará fronte a cooperativa á agresividade dos prezos da competencia. Aquí **Carolina Coll** explica que o obxectivo non é ofrecer o prezo máis barato, senón que a vontade é ofrecer a acción colectiva e esta acción colectiva é o que da valor ás compras colectivas (instalación solidaria, etc...): Se isto facilita prezos máis competitivos, perfecto, pero non é o obxectivo final.

En autoconsumo colectivo, canto máis grandes son as instalacións, máis económicas son proporcionalmente. Estase a traballar en poder ofrecer asesoramento a Comunidades de Propietarios e para iso estanse efectuando unhas probas piloto co fin de determinar cal é o servizo que ten sentido que ofrezca a cooperativa e que achegue valor tanto á sociedade como á cooperativa. Agárdase desenvolver máis este modelo durante este ano e informarse de calquera novidade sobre este tema.

A seguinte pregunta é sobre o maltrato animal, moción presentada en 2019. A socia observa que a cooperativa ten unha planta de biogás e propón reformular a moción incluíndo o rexeitamento á produción de enerxía con animais en cortes. **Jaume Josa** informa que Som Enerxía acordou non iniciar novas plantas de biogás e explica que do mesmo xeito que promovemos non queimar combustibles fósiles para non contaminar máis o planeta, as granxas de animais en cortes existen e o que fan as plantas de biogás é evitar contaminar o solo, o subsolo e os acuíferos.

**Aina Barceló** responde á pregunta de para cando haberá un Generation kWh en Girona. O obxectivo da cooperativa era achegar o consumo e a xeración renovable. En Lleida están rematando a planta de Anglesola e en breve iniciarase a de Tiurana. En Tarragona está en tramitación o proxecto de Vila-Rodona. En Barcelona provincia a cooperativa conta con 2 puntos de conexión outorgados e tamén conta con 1 punto de conexión outorgado na provincia de Girona. Nestes tres últimos casos están levando a cabo os estudos de viabilidade.

**Paco Jofra** responde á pregunta de como se designan as persoas que representan a cooperativa en CNMC/Clúster de Enerxía e explica que é baixo criterio técnico. A Unión Renovables, por exemplo, acódesese como Equipo Técnico e tamén como Consello Reitor e o Consello Reitor está sempre informado nestes casos.

Á preguntas sobre a potenciación da mobilidade eléctrica, desde Som Energia de forma participada para beneficio das socias, **Paco Jofra** responde que a cooperativa colabora con Som Mobilitat en Catalunya, que hai Grupos Locais que estiveron impulsando cooperativas de mobilidade como ECotxe en Mallorca e Kar Kar Kar en Nafarroa e que se pode vehicular este tipo de inquietudes a través dos Grupos Locais.

Tamén **Paco Jofra** da resposta á pregunta sobre que temas se van tratar na Gran Conversa e comenta que se tratarán temas candentes: Os dilemas do crecemento de Som Energia (ex: participación dos Grupos Locais na difusión do proxecto; comunidades enerxéticas e vinculación co territorio; como afrontamos a pobreza enerxética coa dependencia do mercado que temos actualmente, decrecemento en consumo vs. crecemento en produción...), en síntese, temas significativos para a cooperativa que necesitan de espazos importantes para podelos reflexionar.

## **Reconexión cos espazos de seguimento.-**

Borja Barredo inicia esta ronda de reconexións co espazo de seguimento de Valencia que reúne 27 persoas dende onde se pide ao Consello Reitor menor velocidade na súa exposición. A continuación segue Sevilla en Torreblanca, que tiveron unha mañá de moito debate interno, apuntan que os barrios con menor renda de España están en Sevilla e que están intentando que a través das Comunidades Enerxéticas entren no autoconsumo, propoñen ademais a desvirtualización para facilitar a calor humana no grupo. Chega o Grupo Local de Barcelona con 28 persoas reunidas e o Grupo Local de Madrid, reunidos no Centro Social La Brecha en Vallecas, que agradecen ás candidaturas a súa presentación ao Consello Reitor. Acábase a ronda coa conexión co Grupo Local de Gran Canaria que ten unha espiña cravada cun proxecto que non culminou (un horto solar para o que teñen a finca), que cren que lles daría un pulo moi importante e piden para iso o soporte da cooperativa, nun lugar, as Canarias, no que as petroleiras xeran o 80 % da enerxía das illas e precísase investir de forma urxente en renovables. Dende o Grupo Local foméntase tamén o autoconsumo con compromiso na descarbonización e o cambio de modelo económico e enerxético.



## Datos de seguimento.-

Jaume Josa avanza datos de participación:

- 104 persoas presencialmente en Girona
- 103 en grupos locais
- En YouTube, un pico de 170 visualizacións cara as 11h
- 406 persoas votaron ata as 13.00h
- 440 persoas votaron ata as 13.30h

## 18. Despedida da Intervención de Contas

**Quim Ruiz:** como membro de IdC desculpa a ausencia de Carles Cuadern e remarca que fala en nome de ambos, que rematan o seu cargo nesta Asemblea Xeral.

Agradece a experiencia como membros da Intervención de Contas (IdC) ao Equipo Técnico, especialmente ao Equipo Económico e ao Consello Reitor.

Efectúa só un pequeno balance con dous retos conseguidos importantes: unha relación moi fluída, con Equipo técnico e Consello Reitor alén do Informe anual da Intervención de Contas e que persoalmente lle supuxo unha aprendizaxe importante e, por outro lado, este ano, como fito na historia de Som Energia, conséguese a presenza feminina na IdC posto que dúas das tres candidaturas don mulleres e polo tanto polo menos 1 muller incorporárase con toda seguridade ás 2 prazas vacantes.

Tamén sinala 2 retos pendentes: conseguir que haxa un relevo harmónico na Intervención de Contas de forma que cada ano saia 1 persoa de IdC ao mesmo tempo que se incorpora tamén 1 persoa e, así, fortalecer a formación inicial das persoas que se inician na IdC, especialmente no Mercado eléctrico e na formación dos prezos das tarifas en Som Energia.

## 19. Resultado das votacións

	PREGUNTA	FAVOR	CONTRA	ABSTENCIÓN	APROBADO
1	Aprobación, no seu caso, das contas anuais de 2022 e aplicación do resultado.	403	4	11	SI
2	Aprobación, no seu caso, da nova proposta de calendario democrático	389	7	21	SI
3	Aprobación, no seu caso, das modificacións do Regulamento de Réxime Interno				
3,1	Aprobación, no seu caso, das modificacións do Regulamento de réxime interno referentes ao punto "1. Xestión do RRI".	349	13	35	SI



3,2	Aprobación, no seu caso, das modificacións do Regulamento de réxime interno referentes aos puntos "2. Asemblea" e "6 Grupos temporais de traballo".	351	11	35	SI
3,3	Aprobación, no seu caso, das modificacións do Regulamento de réxime interno referentes ao punto "4. Equipo de Pilotaxe".	355	9	33	SI
4	Aprobación, no seu caso, do orzamento 2023.	396	4	10	SI
5	Aprobación, no seu caso, do tipo de xuro anual nas achegas voluntarias ao capital social do 2 %.	388	15	20	SI
6	Estás a favor da reapertura do Generation kWh dando prioridade á participación local (fase local, fase comarcal, fase provincial e por último estatal) e da incorporación dos proxectos LA SERRA (Anglesola) e MAS PINÓS (Tiurana), na carteira de proxectos Generation kWh?	377	15	25	SI
7	Votación das candidaturas presentadas ao Consello Reitor.				
	Mariela Frankon Peses	255			
	Sílvia Garcia Amadó	225			
	Francisco Molinero Anchustegui	129			
	Miguel Ruiz Sánchez	72			
	Francesc Miralles Torner	71			
8	Votación das candidaturas presentadas a Intervención de Contas				
	Sofia Kukulka Luque	231			
	Mirvia Aranda Marín	228			
	Oriol Fàbregas Pujol	185			
9	Aprobación, no seu caso, de facultar ao Consello Reitor para executar e inscribir os acordos adoptados.	376	2	7	SI

Dado que as persoas presentes non teñen máis comentarios, suxestións ou dúbidas, o Presidente levanta a sesión ás 14:00 horas e eu, Borja Barredo Prieto, como Secretario do Consello Reitor, deixo constancia expresa de que recoñecín a identidade de todas as persoas asistentes.

Así, deixo constancia de que todas as persoas socias asistentes á Asemblea Xeral Ordinaria que quixeron puideron exercer o seu dereito de participación, intervindo verbalmente e por escrito.

**Sinaturas:**

**Presidente da Asemblea Xeral**

**Secretario da Asemblea Xeral**

Unha vez lido o contido desta Acta asínoa e apróboa aos efectos oportunos na miña condición de interventora:

**Sinaturas das persoas interventoras da acta.**

**Sílvia Garcia Amadó**

**Yaiza Blanch Górriz**

**ANEXO 1**

**Lista de persoas socias que participaron na Asemblea Xeral (nome, apelidos, DNI e número da persoa socia).**

<b>Persoa socia</b>	<b>Número de soci@</b>	<b>DNI/NIF/NIE</b>
---------------------	------------------------	--------------------